



APROBACION DO ANTEPROXECTO

- CONTRATACIÓN DE: SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN, E DA DIRECCIÓN DE OBRA DA AMPLIACIÓN DO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO.
- PRESUPOSTO EXECUCIÓN MATERIAL DA OBRA APRÓXIMADO: 43.118.165,00 €
- VALOR ESTIMADO: 51.310.616,35 €
- PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN: 62.085.845,78 €
- FUNDAMENTO LEGAL:
- Artigos 231 ao 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.(BOE núm. 272 de 9/11/2017)
 - Real Decreto 1098/01, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (BOE núm. 257 do 26/10/2001).
 - Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (BOE núm. 118 do 15/5/2009)
 - Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (BOE núm. 266, de 6/11/1999)
 - Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación. (BOE núm. 28/3/2006) Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. (BOE 25/10/1997)

INFORME DE SUPERVISIÓN DE PROXECTOS

TÍTULO DO PROXECTO:	ANTEPROXECTO DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO
LOCALIZACIÓN:	HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (SANTIAGO)
AUTOR:	UTE CHUSPD – CRISTINA FERNÁNDEZ GUTIÉRREZ, OBRADOIRO ENXEÑEIRO, S.L.P. E LÓPEZ-FANDO Y ASOCIADOS, S.L.P.
Nº EXPEDIENTE:	1480

PROGRAMA FUNCIONAL:

O programa funcional divídese en dúas partes: por unha banda a ampliación do Edificio A, na parte sur do edificio existente; e o edificio C.

O programa no edificio A é o seguinte: Na planta -4 sitúase a zona de tratamento de lixos e resérvase unha zona para instalacións. Na planta -3 refórmase os laboratorios de inmunoloxía e microbioloxía e o mortuorio. Na planta -2 amplíase as urxencias pediátricas e refórmase as de adultos. Na planta 1 sitúase o novo bloque cirúrxico con sete novos quirófanos. Na planta 0 sitúase a zona de endoscopias. Nas plantas 1 a tres están as áreas de hospitalización, dos por planta, estando a hospitalización hematolóxica no nivel +2 e sendo de hospitalización médicoquirúrxica as outras cinco zonas. Na planta +4, que é a de cuberta, sitúase un heliporto.

No edificio C sitúase no nivel -2 as consultas de cirurxía plástica e maxilofacial, técnicas especiais, persoal e subministracións e transporte. Na planta -1 está a gardería e unidade de mama. Na planta 0 o hospital de día. Na planta +1 sitúase neumoloxía, alergoloxía, área de persoal e subministracións e transporte. Na planta +2 sitúase as salas polivalentes, unidade de dor e anestesia.

Sup. Const. Edif. A (m2):	31.129,83
Sup. Const. Edif. C (m2):	5.290,00
Sup. Construída Total (m2):	36.419,83

PRESUPOSTO EXECUCIÓN MATERIAL APROXIMADO		43.118.165,00 €
GASTOS XERAIS:	13%	5.605.381,45 €
BENEFICIO INDUSTRIAL:	6%	2.587.089,90 €
SUMA:		51.310.616,35 €
IVE:	21%	10.775.229,43 €
PRESUPOSTO DE LICITACIÓN:		62.085.845,78 €

PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA:	35 meses
FÓRMULA REVISIÓN PREZOS:	non procede nun anteprojecto
CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA:	non procede nun anteprojecto

Examinado o anteprojecto de referencia, e considerando que se cumpre o disposto no art. 234.2 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, por esta Oficina de Supervisión infórmase favorablemente e propónse a aprobación do mesmo, salvo no referente a normativa urbanística, onde se aprecia incumprimento nos parámetros urbanísticos de ocupación e superficie máxima construída.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O arquitecto do Servizo de Obras: Francisco Rodríguez Castañeda

Vº. Bº do subdirector xeral de Investimentos: Jesús Álvarez Flórez



Tras ver o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos con data 12 de xullo de 2021, en uso das facultades que teño atribuídas polo Decreto 137/2019, de 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 208 do 31/10/2019) e a Orde do 22/04/2020 de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (DOG núm. 82 de 29/04/2020), acordo aprobar o anteprojecto da obra de ampliación do Hospital Clínico Universitario de Santiago

Santiago de Compostela, *na data da sinatura electrónica*

O presidente do Servizo Galego de Saúde,
P.D. (D. 137/2019, O. 22/04/2020)
A directora xeral de Recursos Económicos,

María Jesús Piñeiro Bello

